

Forma compacta

Un poeta singular

 ROMÁN RAÑA

X. H. Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) é coñecido polas diversas tarefas que realiza (guionista, dramaturgo, narrador...), mais tamén ten, entre os máis queridos, o estraño oficio de poeta. O libro que agora comentamos, *O adeus do vello mariñeiro*, está dividido en dúas partes. A primeira comeza cunha breve narración en prosa onde o protagonista, Miguel Barrientos, sae da casa para camiñar pola praia. Alí, ante a gamela dos seus labores náuticos, vai escribindo nun caderno os pensamentos e sentimentos que asaltan o seu espírito.

Vinte e nove breves

poemas compoñen ese peculiar caderno de poesía onde o único tema que paira e preside todo el é a paixón amorosa: “O amor prestoulle/tres letras ao mar/para que tivese nome.”

Trátase de composicións de tres estrofes, cada unha con tres versos, ao modo de tres haikus.

A segunda parte repite o esquema inicial. Comeza cun texto en prosa, esta vez escrito por Laura Conde, a esposa do mariñeiro morto, que sae da casa


cando descobre súa ausencia e, despois de o procurar, atópao no areal xa sen vida. O poeta vai desgranando, en vinte e nove breves pezas sucesivas, a súa interioridade magoada, os seus pensares e os seus sentires líricamente.

De novo temos o amor correspondido como eixo central de todo o poemario. As ausencias do mar eran esperadas, a da terra créalle un oco que ningún pode encher, salvo o propio esposo morto, que acaba sendo tamén el casa, alicerce da súa vida, perpiaño do seu corazón. Así podemos lelo: “Penso entón que es un son desta casa/e esta noite seite/no rechiar dunha porta.”

Tamén alvismamos, como non?, o tema do amor máis alá da morte, tan caro aos románticos: “Espero que me abraçe/pronto un sono eterno/para soñarte de novo sen final.”

Chama a atención o grao de vehemencia amorosa mostrado por dous anciáns próximos á morte cando, despois de convivir coa súa parella unha inmensa cantidade de anos, seguen mantendo intacto todo o seu frenesí cariñoso.

Libro este, pois, monotemático, formalmente moi compacto, sen altibaixos, produto dun personaxe singular das nosas letras.



RIVADULLA CORCÓN, X.H., *O adeus do vello mariñeiro*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 74 páxinas.